

# Ler para saber A CIENCIA

Charlas e obradoiros de divulgación científica dirixidos a nenas e nenos,  
a partir de 10 anos, adolescentes e para público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialeda. Perillo  
Horario: 18:30 h

Ola, son **M<sup>a</sup> José Servia García**  
e o 21/02/2014 estarei en **Rialeda**  
coa charla titulada



## **“Animais mentireiros”**

nesta sinxela guía podes consultar algúns libros e  
dvd que a biblioteca seleccionou para ti  
relacionados con diversos aspectos da  
**CIENCIA!!!**



## **“Inventario ilustrado de animais”, de V. Aladjidi e E. Tchoukriel**

Fermosas láminas de animais, distribuídos segundo os  
seus hábitats. Das rexións polares ás granxas, pasando  
polos océanos, as sabanas, zonas desérticas ou selvas  
tropicais, cada animal aparece explicado cunha breve  
descripción.





## **“El libro de los animales misteriosos”, de Lothar Frenz**

Polbos xigantes, homes mono, lobos marsupiais...  
existen de verdade? Neste libro hai máis de  
cincuenta casos enigmáticos e descubrimentos  
sensacionais de animais misteriosos. *Sabías que  
en 1951 descúbrese o sapo Blomberg, o maior do  
mundo, que pode chegar aos 25 cm e pesar máis de  
1 kg?*

## **“Más animales al natural 3: un zoológico portátil”, de Teruyuki Komiya**

19 animais aparecen retratados neste libro a tamaño natural.  
Imaxes realmente espectaculares acompañadas de pequenas  
descripcións. *Que animais son os únicos mamíferos que poden  
voar, as membranas que teñen entre os 5 dedos das patas  
dianteiras forman as súas alas e sempre están colgados cabeza  
abaixo (agás cando fan as súas necesidades) ?*






**“El pequeño gran libro de la ignorancia (animal)” de J. Mitchinson e J. Lloyd**

Desde o A de abella ao Z de zorro, cen animais protagonizan un libro que desvela unha morea de curiosidades descoñecidas. O osos, por exemplo, poden durmir un mes enteiro na mesma posición se nada os incomoda. Os osos polares non son brancos. A súa pel é negra e o pelo transparente: a súa aparente brancura é o resultado da luz refractada sobre a pelaxe.

**“El increíble reino animal” (DVD)**

10 dvd compoñen esta colección da cal seleccionamos estes tres: Gorilas, tiburóns e a rexión do Congo, en documentais de 50 minutos que empregan as máis avanzadas técnicas cinematográficas para captar as mellores imaxes do fascinante mundo dos animais salvaxes.



**“Guía dos mamíferos de Galicia”, de J. I. Díaz d'a Silva e Y. Cartelle**

Esta guía reúne 98 especies de mamíferos terrestres e mariños que viven en estado salvaxe, utilizan os seus hábitats de xeito sedentario, migratorio ou con presenza accidental en Galicia. Mapas de distribución, riscos que padecen... Unha guía esencial para coñecer a fauna galega.

**“Animales inteligentes: historias extraordinarias...” de S. Boysen**

O comportamento dos animais non deixa de sorprendernos. Este libro amosa as investigacións máis recentes sobre intelixencia animal e a gran variedade de habilidades que a caracterizan: uso de ferramentas, comunicación, imitación, aprendizaxe social, linguaxe, etc. Fascinante.

